



Forte s/n  
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2024/G003/000234

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** EXPEDIENTE 2024/E001/000003. APROBAR A LISTA DAS PERSOAS CANDIDATAS ADMITIDAS E EXCLUIDAS PRESELECCIONADOS/AS POLA OFICINA PÚBLICA DE EMPREGO DE SANTIAGO NORTE, DATAS DAS PROBAS E NOMEAMENTO DA COMISIÓN SELECCIONADORA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS (2) PEÓNS/AS FORESTAIS EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL A CARGO DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL 2024).

**EXPEDIENTE:**2024/G003/000234

### ANTECEDENTES:

A Consellería de Emprego e Igualdade comunica con data 19/04/2024 a Resolución de concesión de subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) no exercicio 2024, expediente TR351G 2024/000019-1, para o desenvolvemento do programa denominado “Aprol Rural Boqueixón 2024”, tal e como segue:

NÚM. TRAB.	OCUPACIÓN	GRUPO COTIZ.	CUSTO MENSUAL	IMPORTE SUBVENCIÓN
1	PEÓN/PEOA FORESTAL	10	2425,98 €	16.107,79 €
1	PEÓN/PEOA FORESTAL	10	2425,98 €	16.107,79 €
TOTAL SUBVENCIÓN				32.215,58 €

O importe de 32.215,58 euros está destinado ós custos salariais totais das contratacións baixo a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (código de contrato 405).

O artigo 14 di que na oferta que a entidade presente para a solicitude de persoas candidatas para realizar o proceso de selección, e mesmo na súa formulación, non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda ós criterios establecidos na citada instrución primeira ou se trate de favorecer ós colectivos enumerados na mesma. Non poderá incluírse nin admitirse como criterio de emparellamento a posesión de experiencia laboral. Poderán admitirse como criterios de emparellamento os relativos a titulación, formación e outro tipo de coñecementos, sempre que estean xustificadas no expediente de solicitude e sexan coherentes coa resolución de concesión.

A Resolución da concesión indica que a data límite para formalizar as contratacións é o día 20 de maio de 2024, e na Orde de convocatoria da subvención no seu artigo 14 indica: “O Concello deberá presentar oferta na oficina de emprego correspondente cunha antelación mínima de 15 días hábiles á



Forte s/n  
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2024/G003/000234

data prevista para realizar as correspondentes contratacións na oficina pública de emprego que corresponda ó enderezo do centro de traballo do posto ofertado, para poder seleccionar ós candidatos/as”.

22.04.2024. Solicitouse a través da sede electrónica da Xunta prórroga para a ampliación do prazo límite da contratación establecido na resolución de concesión.

25.04.2024. Resolución de alcaldía núm. 203/2024. Aprobación da bases para a provisión en réxime laboral temporal da contratación de dous (2) peóns/peoas forestais. Aprod Rural 2024.

30.04.2024. Anuncio BOP núm. 84. Anuncio Convocatoria de selección provisión en réxime laboral temporal vinculado a programas de políticas activas de emprego para a contratación de dous (2) peóns/peoas forestais. Programa Aprod Rural 2024.

04.05.2024. O Concello presenta oferta de emprego na Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte.

06.05.2024. Rexistro de entrada do Concello de Boqueixón núm. 20240000000517. A Xunta de Galicia comunica que concede ó Concello de Boqueixón a ampliación do prazo límite da contratación establecido na resolución de concesión.

06.05.2024. A Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte, remite por correo electrónico listado de candidatos/as preseleccionados/as para a selección de dous (2) peóns/peoas forestais.

As persoas candidatas remitidas pola Oficina Pública de Emprego de Galicia, número de oferta 12/2024/4197 son as que seguen:

<b>APELIDOS E NOME</b>
Areoso Bardanca José Rafael
Barral Fuentes María Soledad
Camba Rial David
Gallo Boo Marcos Gustavo
González Andamollo Fernando
Iglesias Agrelo Mónica
Lodeiro Guzmán Ismael

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Forte s/n  
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2024/G003/000234

Varona Fraga Gleidys Mary

A Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte da instrucións que o concello de Boqueixón contacte a través do teléfono ou correo electrónico que constan nos currículos vitae das persoas candidatas remitidas por correo electrónico para convocalas ó proceso, e que o concello verifique que as persoas candidatas reúnen os requisitos da convocatoria.

Atendendo ó artigo 14º, punto 2 da Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G). (DOG nº 17 do 24 de xaneiro de 2024), di que as persoas traballadoras que foran contratadas por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2023 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas nesta orde.

Polo tanto esta entidade local verifica que entre as persoas candidatas remitidas pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte, José Rafael Areoso Bardanca e Mónica Iglesias Agrelo, estiveron contratados por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2023, por tanto estes dous candidatos non poderán participar no proceso de selección por non cumprir os requisitos da Orde.

Tal e como se indica nas bases da convocatoria publicada, as persoas candidatas admitidas no proceso, presentarán a documentación acreditativa de méritos mediante orixinais ou copias compulsadas no rexistro do Concello dende a data no que se lle comunica que está preseleccionado/a ata ó día anterior á da realización das probas prácticas. De non acreditar a documentación adecuadamente o/a candidato/a non poderá ser baremado. Polo tanto, non se aceptará ningunha documentación que non se presente en prazo. Os requisitos cumpriranse na data de remate da presentación de documentación e deberán manterse con posterioridade ata a data da contratación



Forte s/n  
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2024/G003/000234

laboral.

## CONSIDERACIÓN TÉCNICAS, ECONÓMICAS E XURÍDICAS

Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G). (DOG nº 17 do 24 de xaneiro de 2024). Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.

Real Decreto Legislativo 2/2012, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

Lei 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transferencia e bo goberno.

Lei 193/2011, do 6 de outubro polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, introduce unha nova disposición adicional novena no texto refundido da Lei de Emprego, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro.

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos do Concello de Boqueixón (BOP núm. 180, do 21 de setembro de 2017).

Convenio colectivo do concello de Boqueixón.



Forte s/n  
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2024/G003/000234

Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade asume o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

Resolución de alcaldía núm. 37/2024 do 31 de xaneiro de 2024. Solicitud de subvención para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural 2024).

Informe-proposta bases reguladoras da convocatoria asinada o 24 de abril de 2024. CVC: BiM8e5w5rt+Eqbanzg/7.

- Resolución de alcaldía núm. 203/2024. Aprobación da bases para a provisión en réxime laboral temporal da contratación de dous (2) peóns/peoas forestais. Aprol Rural (2024).

- BOP núm 84 do 30 de abril de 2024. Anuncio das bases de selección para a contratación de persoal laboral temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral de dous (2) peóns/peoas forestais do programa Aprol Rural 2024 do concello de Boqueixón.

## RESOLUCIÓN:

**PRIMEIRO.** Aprobar a lista de persoas candidatas admitidas e excluídas remitidas pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte:

Persoas candidatas admitidas
APELIDOS E NOME
Barral Fuentes María Soledad
Camba Rial David
Gallo Boo Marcos Gustavo



Forte s/n  
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2024/G003/000234

González Andamollo Fernando
Lodeiro Guzmán Ismael
Varona Fraga Gleidys Mary

<b>Persoas candidatas excluidas*</b>
<b>APELIDOS E NOME</b>
Areoso Bardanca José Rafael
Iglesias Agrelo Mónica

\* Por non reunir os requisitos, atendendo ó artigo 14º, punto 2 da ORDE Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G). (DOG nº 17 do 24 de xaneiro de 2024). Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

**SEGUNDO.** Convocar ós/ás candidatos/as admitidos/as preseleccionados/as pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte e á comisión seleccionadora para a realización das probas, nas datas, hora, e lugar que se indican:

Para a realización da proba práctica:

- Data: 15 de maio de 2024.
- Hora: citarase a cada persoa candidata cada cuarto de hora para a realización da fase de proba/s práctica/s.
- Lugar: Base de protección civil de Boqueixón, lugar de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña).

<b>Persoas candidatas admitidas</b>	
<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>HORA</b>
Barral Fuentes María Soledad	10:00
Camba Rial David	10:15
Gallo Boo Marcos Gustavo	10:30
González Andamollo Fernando	10:45
Lodeiro Guzmán Ismael	11:00
Varona Fraga Gleidys Mary	11:15



Forte s/n  
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2024/G003/000234

Convocar ós/ás candidatos/as admitidos/as, a través de correo electrónico ou teléfono que constan nos currículos vitae enviados pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte. No caso de chamar por teléfono realizárase ata un máximo de 3 chamadas para convocar ás persoas candidatas. Ós/Ás candidatos/as informaráselles sobre as bases de contratación, datas das probas, e presentación de documentación para acreditar os méritos.

- Para a presentación de documentación acreditativa dos méritos:

Os/as aspirantes presentarán a documentación acreditativa de méritos mediante orixinais ou copias compulsadas no rexistro do Concello de Boqueixón (en horario de 9:00h a 14:00h) dende a data no que se lle comunica que está preseleccionado/a ata o día anterior da realización das probas prácticas, é dicir, o prazo máximo para presentar a citada documentación é o 14 de maio de 2024, inclusive. De non acreditar a documentación adecuadamente o/a candidato/a non será baremado. Polo tanto, non se aceptará ningunha documentación que non se presente en prazo. Os requisitos cumpriranse na data de remate da presentación de documentación e deberá manterse con posterioridade ata a contratación laboral.

- A Valoración de méritos a realizar pola comisión seleccionadora:

- Data: 15 de maio de 2024.
- Hora: 11:30 h.
- Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña).

**TERCEIRO.** Nomear como membros da Comisión de selección:

**PRESIDENTE:** Dalmiro Núñez Méndez. Secretario-Interventor do Concello de Boqueixón; suplente: Adela Lamela Arteaga, funcionaria do Concello de Boqueixón.

**SECRETARIA:** María Victoria Negrín Blanco, funcionaria do Concello de Boqueixón; suplente: Pilar Pazos Santasmarinas, funcionaria do Concello de Boqueixón.

**VOGAL 1:** Juan Manuel Corral Sánchez, funcionario do Concello de Boqueixón; suplente: Anselmo Caeiro Vilar, funcionario do Concello de Boqueixón.

**VOGAL 2:** María Cruz Ferreiro Sanín, persoal laboral fixo do Concello de Boqueixón; suplente: Rosario Iglesias Iglesias, funcionaria do Concello de Boqueixón.



Forte s/n  
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2024/G003/000234

**VOGAL 3:** Carlos Uzal Díaz, persoal laboral fixo do Concello de Boqueixón; suplente: Juan Manuel Freiría Brea, funcionario do Concello de Boqueixón.

**CUARTO.** Publicar a lista de admitidos e excluídos, datas do proceso e composición da Comisión de selección, no taboleiro de edictos do Concello de Boqueixón e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

**QUINTO.** Dar traslado deste acordo ó Departamento de Secretaría-Intervención do Concello de Boqueixón e ó coordinador de obras e servizos, dándolle conta ó Pleno da Corporación Local na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Concello de Boqueixón, na data da sinatura dixital

O Alcalde/Presidente  
Ovidio Rodeiro Tato

O Secretario-Interventor  
Dalmiro Núñez Méndez